

CUESTIÓN TEÓRICA 4 (OPCIÓN A)

**DESCARTES. O PROBLEMA DO
MÉTODO E A EVIDENCIA DO CÓGITO.**

- a. O método cartesiano.
- b. A dúvida.
- c. O exame das ideias
- d. O mundo externo.
- e. O racionalismo posterior.



O RACIONALISMO

• Causas

- Decadencia das Universidades
- Crise do paradigma aristotélico
- Crise da fundamentación teolóxica e o pensamento Escolástico
- A nova ciencia contradí a tradición

crise
Da razón

• Características

- Confianza plena na razón humana
 - entendida como → facultade sistemática que coincide coa realidade
- Busca dun novo método
 - Baseado no modelo matemático
- Subxectividade e realidade
 - O ser humano non coñece directamente mais ca o seu propio pensamento
 - Só a través da razón, coñecemos a realidade

• Representantes

- DESCARTES 1596-1650
- SPINOZA 1632-1677
- LEIBNIZ 1646-1716

RENÉ DESCARTES

La Haye 1596- Estocolmo 1650
Matemático, Físico, Filósofo



obras:

Reglas para a dirección do Espírito
A luz ou Tratado do Mundo e o home
Discurso do Método
Dióptrica, Xeometría e os meteoros
Meditacións Metafísicas
A Busca da verdade mediante a Razón
natural
Principios de filosofía
As Paixóns da Alma

❖ 1º autor en publicar en
lingua vernácula
(Francés)

PROXECTO FILOSÓFICO DE DESCARTES

supón

- Unha reconstrucción do saber desde sas súas raíces
- A unificación de todas as ciencias nunha sóa

posible porque

Existe un método universal
único para todas as ciencias

- Desenvolve todas as posibilidades
da xeometría analítica
- Desenvolve un método de
inspiración matemática

Aínda que existen ciencias distintas,
todas forman unha unidade orgánica

O conxunto das ciencias ten
como base a metafísica

Descartes opónse radicalmente
a Aristóteles


texto1

✶ Emporiso é ben mellor nin pensar en investigar a verdade sobre cousa ningunha que facelo sen método: pois é moi certo que os estudos desordenados e as meditacións escuras desta caste confunden a luz natural e cegan os enxeños; e aqueles que así se afagan a camiñar nas tebras a tal punto enfeblece a agudeza dos seus ollos que, ao pouco, non poden aturar a luz do día; o cal ademais é confirmado pola experiencia, pois moi frecuentemente [cantas veces] vemos que aqueles que nunca se dedicaron ás letras, pronuncian xuízos sobre as cousas comúns e correntes con moita máis solidez e claridade que aqueles que botan a vida nas escolas. Por método entendo as regras certas e fáciles tales que, se alguén as observa rigorosamente, nunca tomará nada falso por verdadeiro e, sen gastar as forzas do seu espírito inutilmente, senón sempre aumentando o seu saber progresivamente, chegará ao verdadeiro coñecemento de todo aquilo do que sexa capaz. **Reglas para a dirección do espírito, Regra IV: É necesario un método para ir en busca da verdade.**

a. El método cartesiano

- ☀ Parte do escepticismo de final do Renacemento e o a nova Ciencia: poñer orde na reflexión.
- ☀ Propón regras fáciles que nos leven a unha verdade indudable en dúas fases: análise e síntese
- ☀ 4 regras fundamentais.

O MÉTODO CARTESIANO



- 
- ❖ **Prevención:** só é verdadeiro o evidente. Hai que evitar a precipitación. Criterio de evidencia: claro e distinto.
 - ❖ **Análise:** Separar en partes os coñecementos e extraer desde alí principios simples.
 - ❖ **Síntese:** partindo do simple (obxecto pleno da razón a través da intuición) descendese ao complexo establecendo relacións necesarias (deducción).
 - ❖ **Enumeración:** repaso para evitar erros e comprobar resultados.

Texto 2

Foi isto causa de que eu pensara que se precisaba buscar outro método que, comprendendo as vantaxes destes tres, estivese exento dos seus defectos. E, como a abundancia de leis fornece decote escusas para os vicios, de xeito que un Estado está tanto mellor regulamentado canto, non tendo senón moi poucas leis, estas son moi estreitamente observadas; así, en lugar dese gran número de preceptos dos que está composta a lóxica, crin que, sempre que tomase unha firme e constante resolución de non deixar de observalos nin unha soa vez, abundaría cos catro seguintes.

Consistía o **primeiro** en non aceptar xamais ningunha cousa como verdadeira que non coñecese **evidentemente** ser tal; é dicir, evitar coidadosamente a precipitación e a prevención; e non aceptar nada nos meus xuízos senón aquilo que se presentase tan **claramente e tan distintamente** ó meu espírito que non tivese ocasión ningunha de poñelo en dúbida. O segundo, dividir cada unha das dificultades que examinase en tantas partes como fose posible e requirible para mellor resolvelas. O terceiro, conducir por orde os meus pensamentos, comenzando polos obxectos máis simples e máis doados de coñecer, para subir pouco a pouco, como por graos, ata o coñecemento dos máis compostos; e supoñendo mesmo unha orde entre aqueles que non se preceden naturalmente os uns os outros. E o derradeiro, facer en todo enumeracións tan completas, e revisións tan xerais, que estivese seguro de non omitir nada. Esas longas cadeas de razóns, todas simples e fáciles, das que os xeómetras teñen costume de se serviren para chegar ás súas máis difíciles demostracións, déronme ocasión de imaxinar que tódalas cousas que poden caer baixo o coñecemento dos homes sucédense as unhas ás outras da mesma maneira, e que, soamente con absterse de aceptar como verdadeira ningunha que non o sexa, e gardar sempre a orde precisa para deduci-las unhas das outras, non pode haber entre elas ningunha tan afastada á que finalmente non se chegue, nin tan agachada que non se descubra. E non me foi difícil buscar por cales era necesario comezar, pois sabía xa que era polas máis simples e as máis doadas de coñecer; e, considerando que entre cantos teñen con anterioridade procurado a verdade nas ciencias, só os matemáticos puideron atopar algunhas demostracións, é dicir, algunhas razóns certas e evidentes, non dubidaba que debería comezar polas mesmas que eles tiñan examinado

Discurso do método, Ed. Xerais de Galicia, Vigo, 2001, pp. 44-45.



b. A dúbida

- ✧ Evidencia: non admitir coñecementos que non sexan certos é indubitables.
- ✧ Uso da dúbida para atopar eses coñecementos.
- ✧ 4 caracteres: universal (aplícase a todo), metódica (camiño para á certeza), voluntaria (acto do suxeito) e teórica (só se refire ao coñecemento).
- ✧ Busca dubidar de todas as verdades que se propuxeron ata o momento para ver se son verdadeiras.

Texto 3

*Xa que logo, supoño que todas as cousas que vexo son falsas: convénzome de que nada foi de todo como a miña memoria chea de mentiras me representa; penso que non teño sentidos; creo que o corpo, a figura, a extensión, o movemento e o lugar só son ficcións do meu espírito. Que poderá, logo, ser considerado verdadeiro? Se cadra, só unha cousa, que non hai nada certo no mundo. Mais, que sei respecto de se hai algunha outra cousa diferente destas que veño de xulgar incertas, algunha acerca da cal non poida ter a menor dúbida? Non hai ningún Deus, o calquera outra potencia que me poña no espírito eses pensamentos? Isto non é necesario, pois quizais poida eu ser quen de producilos por min mesmo. Logo eu, cando menos, non son algunha cousa? Pero neguei xa que tivese sentidos nin ningún corpo. Dubido con todo, pois que se segue diso? Serei tan dependente do corpo e dos sentidos que non poida ser sen eles? Pero convencinme de que non había absolutamente nada no mundo, que non había ningún ceo, ningunha terra, ningún espírito, ningún corpo; non me convencín logo de que tampouco eu non era nada? Non, certamente, eu sen dúbida era algo se me convencera ou simplemente se pensara algunha cousa. Pero hai un non sei qué enganoso, moi poderoso e moi trampulleiro, que emprega toda a súa industria en enganarme sempre. Non hai logo dúbida de que eu son, se el me engana; e engáneme tanto como queira que non poderá endexamais facer que eu non sexa nada, senón que tanto máis pensarei ser algunha cousa. De xeito, que despois de telo ben pensado, e de ter coidadosamente examinado todas as cousas, cómpre concluír, en fin, que esta proposición: Eu son, eu existo, é necesariamente verdadeira, cantas veces eu a pronuncie ou a conciba no meu espírito. RENÉ DESCARTES; **Meditacións Metafísicas** (1641), «Meditación 2ª: Da natureza do espírito humano, e de que é máis doado de coñecer que o corpo» Trad. de Miguel Vázquez Freire, IES Eduardo Pondal, Santiago de Compostela.*

O proceso da dúbida

- Dúbida das facultades nas que se producen os coñecemento para ver se alguna resiste.
 - ✓ Sentidos: non sempre dan información correcta. Non poden servir de base para facer esa ciencia segura.
 - ✓ Conxunto da experiencia (imaxinación): non se pode distinguir con seguridade absoluta entre soños e realidade. ¿Non pode ser todo un soño?
 - ✓ Coñecemento racional: ¿podemos estar seguros da correspondencia entre os nosos coñecementos e a realidade (verdade) ¿Qué pasa se a racionalidade é produto dun xenio maligno
- Superación da dúbida: Penso, logo existo. 1ª evidencia da sustancia pensante: o sustrato dos pensamentos que non necesita de nada máis para existir (nin sequera do corpo)

➤ Verdade indubidable resultado do proceso de dúbida: a propia **existencia persoal como ser consciente. Res cogitans**

O suxeito : Por máis falso que sexa o contido, ten que existir alguén que o pense. **Cogito ergo sum. Pienso logo existo.**
(proposición verdadeira e certa) non garante a existencia de nada máis (solipsismo)

O obxecto (contido das ideas). Non existe ningún contido que quede fora da dúbida.

➤ 2 cuestións:

- ✓ Como podo garantir que o contido das miñas ideas é certo? (claras e distintas)
- ✓ Cómo podo garantir que se corresponden coa realidade? (son verdadeiras)

Texto 4

*De seguido, reflexionando sobre o feito de eu dubidar e que, en consecuencia, o meu ser non era completamente perfecto, pois vía claramente que era unha maior perfección coñecer que dubidar, ocorréuseme pensar de onde aprendera eu a pensar nalgunha cousa máis perfecta do que eu era; e coñecín evidentemente que debía ser dalgunha natureza que fose en efecto máis perfecta. Polo que fai aos pensamentos que tiña de moitas outras cousas fóra de min, como o ceo, a terra, a luz, a calor e mil outras, non estaba preocupado por saber de onde veñen, a causa de que, non observando nada neles que semellase facelos superiores a min, podía eu crer que, se eles eran verdadeiros, o eran por unhas dependencias da miña natureza, en tanto que ela tiña algunha perfección; e se non o eran, tíñaos da nada, é dicir, eles estaban en min por algo que eu tiña de imperfecto. Pero non podía ocorrer o mesmo coa idea dun ser máis perfecto có meu; pois era cousa manifestamente imposible tela da nada; e como non hai menos repugnancia en que o máis perfecto sexa unha consecuencia e unha dependencia do menos perfecto, do que a hai de que da nada proceda algo, non a podía ter tampouco de min mesmo. De xeito que só quedaba que ela fose posta en min por unha natureza que fose verdadeiramente máis perfecta do que eu era, e mesmo que tivese en si todas as perfeccións das que eu puidese ter algunha idea, é dicir, para explicalo nunha palabra, que fose Deus. Ao que engadín que, xa que coñecía algunhas perfeccións que eu non tiña, non era o único ser que existía (usarei aquí libremente, se se me permite, as palabras da Escola), senón que necesariamente era preciso que houbese algún outro máis perfecto, do cal eu dependese, e do que adquirise todo canto eu tiña. Pois se eu fose só e independente de calquera outro, de xeito que tivese por min mesmo o pouco que participaba do ser perfecto; pola mesma razón podería ter por min mesmo todo o restante que sabía que me faltaba, e ser así eu mesmo infinito, eterno, inmutable, onnisciente, onnipotente e, en fin, ter todas as perfeccións que podía observar que están en Deus. **René Descartes; Discurso do Método**, Parte IV. Trad. de Miguel Vázquez Freire, IES Eduardo Pondal, Santiago de Compostela.*

c. O examen das ideas

✱ Único camiño para saír da primeira verdade: o exame das ideas que aparecen no suxeito. Son de tres tipos:

- **Adventicias:** xorden da percepción sensible. Ideas de corpos e seres naturais. Son particulares, cambiantes e continxentes. Non sabemos a súa orixe.
- **Ficticias o facticias:** constructos da nosa imaxinación a partir das adventicias. Somos a súa orixe.
- **Innatas:** Non proveñen da experiencia (non mudan) pero son demasiado perfectas para proceder de nos. Son los principios matemáticos y la idea Perfección.

✱ Probas da existencia de Deus

- A idea innata de perfección require unha causa que non pode ser o eu pensante, logo ten que existir un ser perfecto
- Se Deus non existe, no podería definirse coma o ser máis perfecto que poda concibirse. Logo debe existir
- O eu existe pero non é perfecto así que debe ter unha causa no perfecto e iso só pode ser Deus.

✱ Deus garante da verdade dos nosos coñecementos

- Dios é o sustento ontolóxico, pero a verdade é froito da razón e os seus procesos
- O coñecemento orixínase na subxectividade
- Deus permite superar o escepticismo




d. O mundo externo


✦ 3 substancias:

- Pensamento (*res cogitans*) libre e imperfecto
- Deus (*res infinita*) libre e perfecto
- Conxunto dos corpos extensos (*res extensa*).
 - Existencia do propio corpo (presente en todas as percepcións, diferente do pensamento, realidade atómica, mecánica e externa.
 - Grave problema: comunicación das dúas substancias. ¿Cómo se relacionan corpo e alma? (busca da glándula pineal)
 - A veracidade divina fai o coñecemento dos corpos algo probale, pero non seguro.
 - Só podemos estar seguros dos coñecementos racionais que poñemos na sensibilidade, non de como é a realidade en sí.


O SISTEMA CARTESIANO



A SUBSTANCIA INFINITA



AS SUBSTANCIAS FINITAS



Problema da comunicación das substancias

MECANICISMO

- El mundo

É concibido co “modelo” da máquina
reducido a materia e movemento

polo tanto

- Non existen últimas partículas indivisibles
- Non existe o baleiro
- Non existe ningún principio activo intrínseco ás cousas

entón

→ Cál é a causa do movemento?

↓
Deus é a primeira causa

↓
del
se derivan

→ as leis da natureza

→ Principio de inercia

→ Continuidade do movemento en liña recta

→ Lei da conservación do movemento



e. El racionalismo posterior

- ✦ Blaise Pascal (+1662): matemático francés, escribiu os *Pensees*, apoloxía cristiana.
- ✦ Baruch Spinoza (+1677): xudeo, un dos primeiros panteístas europeos. *Ética Demostrada segundo a orde xeométrica*
- ✦ Nicolás Malebranche (+1715): sacerdote católico. Quixo facer unha nova filosofía cristiana, unindo a San Agustíño e a Descartes.
- ✦ Guillermo Leibniz (+1716): Creador de toda unha metafísica racionalista. Primeiro gran filósofo alemán moderno.

Os filósofos da modernidade

<http://www.xtec.cat/~lvallmaj/taller/atmoder2.htm>



Renascimento
Montaigne,
Maquiavelo, More, Erasmo,
Lutero, Copérnico, Bruno,
Kepler, Galilei, Bacon

Racionalismo
Descartes,
Pascal,
Spinoza,
Leibniz

Empirismo
Hobbes,
Locke, Berkeley,
Hume,
Newton

Ilustración
Rousseau, Voltaire,
Montesquieu, A.Smith,
Wollstonecraft,
Kant

Romanticismo
Fichte,
Schelling,
Hegel